

**ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE A DO
PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS CULTURAIIS DO
CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as once horas do día 21 de agosto de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS CULTURAIIS DO CONCELLO DE AMES.**

ASISTENTES:

Presidente:

David Santomil Mosquera, Concelleiro delegado de Educación e Cultura.

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, Secretaria municipal do Concello de Ames.

Leopoldo Moure Dopico, Interventor municipal do Concello de Ames.

Emilio Garrido Moreira, Auxiliar Administrativo do departamento Contratación

Secretaria:

M. Isabel Quintáns Rios, Auxiliar Administrativa do departamento de Contratación.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral contida no sobre A denominado "Documentación Administrativa" presentada polos licitadores.

Consta no expediente certificación da secretaría xeral dos licitadores que presentaron solicitude para participar na adxudicación do contrato do "Servizo de Escolas Culturais do Concello de Ames"

A continuación procédese a apertura do devandito sobre "A" nomeado "Documentación Administrativa" resultando o seguinte:

Empresa	CIF	Anexo II	Declaración Acreditativa datos identificativos licitador	Anexo III	Anexo IV	Anexo V
AURORA GARCÍA GARCÍA	33268071-C	SI	SI	SI	SI	SI
AXOUXERE DEPORTE E ANIMACIÓN SL	B-32386625	SI	SI	SI	SI	SI
ESPROADE SL	B-15664816	SI	SI	SI	SI	SI
PRODUCCIÓN TEATRAIS TALÍA SL	B-70123567	SI	SI	SI	SI	SI
SERVIPLUSTOTAL SL	B-70019294	SI	SI	SI	NON Requerir	SI
TANIA DORCA MARTÍNEZ	53480720-Q	SI	SI	SI	SI Incompleto Requerir	NON Requerir

Tras comprobar a documentación presentada polas empresas licitadoras cabe mencionar o seguinte:

- 1) A empresa Tania Dorca Martínez non presenta o Anexo IV (Declaración % de Subcontratación) debidamente cumprimentado, e non presenta o Anexo V (Certificado

sobre traballadores con discapacidade) segundo o establecido nas cláusulas 17.1.4) e 17.1.5) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

2) A empresa Serviplus total SL non achega Anexo IV (Declaración % de Subcontratación) segundo o establecido na cláusula 17.1.4) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Despois do exame da documentación presentada polos licitadores, e conforme ao disposto no artigo 81.2 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas se a mesa observa defectos u omisións subsanables na documentación presentada o comunicará ós interesados para que no prazo de **tres días hábiles** aporten dita documentación, (cláusula 20.3.d) do PCAP).

En consecuencia e de acordo co disposto no parágrafo anterior a mesa por unanimidade dos seus membros acorda:

Primeiro.- Requirir á empresa Tania Dorca Martínez, para que no prazo de **tres días hábiles** aporte o Anexo IV debidamente cumprimentado (Declaración % de Subcontratación) e o Anexo IV (Declaración % de Subcontratación) segundo a cláusula 17.1.4 e 17.1.5) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Segundo.- Requirir á empresa Serviplus total SL , para que no prazo de **tres días hábiles** aporte Anexo IV debidamente cumprimentado (Declaración % de Subcontratación) segundo a cláusula 17.1.4) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.